

Materia/Área	RELIXIÓN CATÓLICA		
Profesor/a	M ^a BEATRIZ FERREIRA COUTO		
Curso e grupo	3º ESO		

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Ó longo do curso haberá tres avaliacións, unha por trimestre. Este último coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño. Considerase superada cada avaliación cando obteñan unha cualificación de 5, que se obtén acadando os niveis aceptables de desempeño dos estándares de aprendizaxe descritos na programación.

Os instrumentos de avaliación empregados son:

OB	Observación sistemática.	Observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas na aula. Actitude de respecto a os compañeiros, profesores, comunidade educativa e materiais propios e alleos. Dos procedementos para afrontar as tarefas, colaboración, interese, esmero no desempeño dos proxectos individuais ou en grupo.
PA	Producións do alumno	Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografías, informes, etc.
EO	Expresións orais	Conversación co alumno para medir a súa implicación nos contidos desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, e do manexo dun vocabulario axeitado, participación positiva nas postas en común. Respecto ás quendas nos debates. Exposición de un proxecto de investigación.
PE	Probas específicas	Probas e cuestionarios (verdadeiro ou falso, encher espazos en branco, aparellar, selección múltiple). Exposición de un tema. Interpretación de datos

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 3º ESO	OB	PA	EO	PE
Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que reconece a esixencia humana de felicidade e plenitude.	20%	50%		30%

Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.		50%	30%	20%
Selecciona escenas de películas ou documentais que mostran a procura de sentido.	30%	10%	50%	10%
Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.	20%	10%	20%	50%
Analiza o texto sagrado diferenciando a verdade revelada do roupaxe literario e recrea un relato sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.	10%	30%	40%	20%
Busca e selecciona biografía de conversos.	50%	30%		20%
Expresa xuízos respetuoso sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.	20%	30%	30%	20%
Crea e comparte textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Xesús.	20%	20%	50%	10%
Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa.	30%	50%		20%
Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto a achega da plenitude de vida que neles se expresa.	20%		30%	50%
Demostra mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.	30%	30%	10%	30%
Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc.		50%	30%	20%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os estándares de aprendizaxe amosan o grao de consecución dos criterios de avaliación para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias no alumnado que amosen a súa evolución en cada un deles, por medio dos instrumentos descritos anteriormente nesta programación. Para este Departamento de Relixión Católica o desempeño axeitado nos estándares mínimos valorarase como 50% do rendemento e traduciríase na consecución dunha calificación de 5 (suficiente) que supón a avaliación positiva. O logro aceptable do resto de estándares irá sumando puntuacións ate un máximo de 10 (sobresaliente).

As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos estándares de aprendizaxe previamente ponderados.

A calificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

MÍNIMOS:

Para superar a materia de Relixión Católica en Terceiro da ESO o alumno terá que acadar os seguintes estándares:

- Que o alumno recoñeza os distintos sentidos da vida propostos polas relixións monoteístas.
- Que o alumno recoñeza a influencia do cristianismo na fe, os costumes, etc.
- Que o alumno describa situacións onde o perdón é indispensable para vivir en paz.

- Que o alumno relate algunha experiencia na que o encontro con Xesús mellorou os comportamentos dunha persoa.
- Que o alumno redacte brevemente a súa impresión sobre as persecucións que sofren os crentes na actualidade e as compare coas que sufrían os cristiáns dos primeiros séculos.